

Clásicos do Brasil


Nunha singular proposta, Edicións Laiovento preséntanos o volume *Maktub* (*Da Retórica na Ficção de Raduan Nassar*), da autoría de Alva Martínez Teixeira, que vén constituír o número vinte e dous da colección “Vento do Sul”, dedicada ás literaturas lusófonas por parte da editora compostelá. A obra que estamos a comentar é, polo demais, o resultado dun traballo académico dirixido polo profesor José Luís Rodríguez e presentado na Universidade de Santiago de Compostela no ano 2005. Podemos falar de singularidade porque, aínda que Raduan Nassar (Pindorama-São Paulo, 1935) é un clásico da literatura brasileira contemporánea, tamén é certo que resulta pouco coñecido para o gran público deste lado do océano e asemade ten sido obxecto de poucos estudos considerando o seu éxito.

Nado no seo dunha familia de orixe libanesa emigrada para o Brasil a principios do século pasado, na súa obra van estar presentes as resonan-

A retórica de Raduan Nassar



PILAR PONTE



cias islámicas e árabes mais referidas a ambientes intrinsecamente brasileiros. Ademais da calidade da súa obra, Nassar salienta por ter publicado poucos volumes (*Lavoura Arcaica* en 1975, *Um Copo de Côleira* en 1978 e *Menina a Caminho e outros textos* en 1994) e por ter decidido non volver escribir máis e dedicarse a criar animais.

O corpo do estudo (fóra dos capítulos destinados á declaración de intencións e ás conclusións) consta de cinco partes dedicadas a un achegamento á figura de Raduan Nassar

e a súa produción, á fascinación e orixinalidade da súa obra, a un estudo polo miúdo das tres obras, á expresión e á expresividade da lingua.

Co presentetraballo, a profesora Martínez Teixeira pon de relevo a forma en que o autor paulista leva a cabo unha selección dos procedementos das poéticas clásicas e contemporáneas para ilustrar as pasaxes incertas da realidade humana e que o sitúa entre as grandes figuras da literatura do Brasil.

Maktub vense configurar, polo tanto, como un dobre acontecemento: dunha banda, por artellar unha análise rigorosa da retórica da obra do escritor paulista; e doutra, e non menos importante, porque supón o nacemento dunha nova estudosa para a nosa sociedade que tan falta está de traballadores dispostos a dedicar parte da súa vida profesional á investigación.

MARTÍNEZ TEIXEIRO,
Alva, *Maktub*, Ed.
Laiovento, Santiago, 2006,
110 páxinas.